

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES E DE COOPERACIÓN

9136 *Real decreto 639/2011, do 9 de maio, polo que se modifica o Real decreto 2217/2004, do 26 de novembro, sobre competencias, funcións, composición e organización do Consello de Cooperación ao Desenvolvemento.*

O Consello de Cooperación ao Desenvolvemento, órgano consultivo e de coordinación de cooperación para o desenvolvemento previsto no artigo 22 da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, está regulado na actualidade polo Real decreto 2217/2004, do 26 de novembro, sobre competencias, funcións, composición e organización do Consello de Cooperación ao Desenvolvemento.

Entre os distintos aspectos regulados polo mencionado real decreto encóntrase a composición do Consello de Cooperación ao Desenvolvemento, e forman parte del representantes das organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento, de distintos axentes sociais, institucións e organismos de carácter privado que actúan no ámbito da cooperación para o desenvolvemento, expertos e representantes da Administración xeral do Estado.

Con respecto a estes últimos, as distintas reestruturacións na organización departamental levadas a cabo nos últimos anos fan necesaria a modificación do artigo 3 do Real decreto 2217/2004, do 26 de novembro, co fin de precisar as novas denominacións e estruturas ministeriais.

Así, será vogal en representación da Administración xeral do Estado, en primeiro lugar, a persoa titular da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, en tanto órgano encargado de desenvolver a política do Goberno en materia de estranxeiría e inmigración.

Por parte do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, será vogal do Consello a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Social e Consumo, en canto órgano encargado da perspectiva internacional das cuestións relacionadas coa igualdade.

Tamén serán vogais do Consello as persoas titulares das direccións xerais de Orzamentos e de Financiamento Internacional do Ministerio de Economía e Facenda, como órganos entre cuxas competencias se encontran a análise e avaliación das políticas de gasto e a xestión da débeda externa, respectivamente.

Así mesmo, será vogal do Consello a persoa titular da Dirección Xeral de Comercio e Investimentos do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, como órgano responsable da definición, elaboración, xestión e seguimento da política de relacións comerciais e económicas entre España e o resto do mundo.

A persoa titular da Dirección Xeral de Política de Defensa do Ministerio de Defensa será igualmente vogal do Consello de Cooperación ao Desenvolvemento por razón das competencias atribuídas con respecto á política de defensa no ámbito internacional.

Igualmente, formará parte do Consello como vogal en representación da Administración xeral do Estado a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Traballo e Inmigración, polas competencias que ten atribuídas en relación coas relacións internacionais no ámbito do emprego.

Así mesmo, formará parte do Consello como vogal en representación da Administración xeral do Estado a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Educación, por razón das competencias atribuídas a ese ministerio en materia de educación no ámbito internacional.

Tamén será vogal do Consello a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño en canto órgano encargado da coordinación, programación e seguimento das iniciativas en materia de cooperación ao desenvolvemento nos ámbitos ambiental, agrícola e pesqueiro.

Por último, serán igualmente vogais as persoas titulares da Dirección Xeral de Política e Industrias Culturais do Ministerio de Cultura, da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, e da Dirección Xeral de Cooperación Internacional e Relacións Institucionais do Ministerio de Ciencia e Innovación como responsables das relacións internacionais en materia de cultura, de sanidade e de ciencia e planificación científica, respectivamente.

Así mesmo, a secretaría do Consello pasa a corresponder á persoa titular da Dirección Xeral de Planificación e Avaliación de Políticas para o Desenvolvemento, unidade creada con posterioridade á entrada en vigor do Real decreto 2217/2004, do 26 de novembro.

Por outro lado, a experiencia de funcionamento do Consello de Cooperación ao Desenvolvemento durante os anos transcorridos desde a entrada en vigor do citado real decreto aconsella a introdución de determinadas modificacións no que respecta ao mandato e cesamento das persoas que sexan membros do Consello e outras cuestións relativas ao seu funcionamento para dotalo de maior axilidade. Á dita necesidade responde a concreción do réxime de suplencias establecido no artigo 3 do Real decreto 2217/2004 e a modificación dalgúns aspectos dos artigos 4 e 5.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Asuntos Exteriores e de Cooperación, coa aprobación previa do vicepresidente terceiro do Goberno e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de maio de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2217/2004, do 26 de novembro, sobre competencias, funcións, composición e organización do Consello de Cooperación ao Desenvolvemento.*

O Real decreto 2217/2004, do 26 de novembro, sobre competencias, funcións e organización do Consello de Cooperación ao Desenvolvemento, queda redactado como segue:

Un. O artigo 3 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 3. *Composición.*

1. O Consello estará integrado por 34 membros e unha persoa que exercerá a secretaría do Consello. Desempeñará a presidencia a persoa titular da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional.

2. A vicepresidencia primeira corresponderá á persoa titular da Dirección da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, quen substituirá a persoa que desempeñe a presidencia en casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal.

3. O Consello terá, ademais, outras dúas vicepresidencias, que serán desempeñadas polas persoas elixidas entre os membros dos grupos a que se refiren as letras b e c do número seguinte.

4. Serán vogais:

a) En representación da Administración xeral do Estado, e por razón do seu cargo:

1.º A persoa titular da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración.

2.º A persoa titular da Secretaría Xeral de Política Social e Consumo do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade.

3.º A persoa titular da Dirección Xeral de Política de Defensa do Ministerio de Defensa.

4.º A persoa titular da Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Economía e Facenda.

5.º A persoa titular da Dirección Xeral de Financiamento Internacional do Ministerio de Economía e Facenda.

6.º A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Educación.

7.º A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Traballo e Inmigración.

8.º A persoa titular da Dirección Xeral de Comercio e Investimentos do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

9.º A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

10.º A persoa titular da Dirección Xeral de Política e Industrias Culturais do Ministerio de Cultura.

11.º A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade.

12.º A persoa titular da Dirección Xeral de Cooperación Internacional e Relacións Institucionais do Ministerio de Ciencia e Innovación.

b) Seis vogais en representación das organizacións non gobernamentais de desenvolvemento: a persoa que desempeñe a presidencia da Coordinadora de Organizacións Non Governamentais para o Desenvolvemento, e cinco por proposta da dita coordinadora.

c) Oito en representación dos axentes sociais da cooperación, así como de institucións e organismos de carácter privado que actúan no campo da cooperación para o desenvolvemento, que se distribuirán da seguinte forma:

1) Dous por designación das organizacións sindicais máis representativas no ámbito estatal.

2) Dous en representación das organizacións empresariais designados pola Confederación Española de Organizacións Empresariais/Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa.

3) Un en representación das organizacións de economía social por designación da Confederación Empresarial Española da Economía Social.

4) Dous en representación das universidades, por proposta do Consello de Coordinación Universitaria.

5) Un en representación e por proposta das asociacións de defensa dos dereitos humanos.

d) Seis expertos ou expertas por proposta do Pleno. Unha destas vogalías deberá corresponder a unha persoa especializada en cuestións de xénero e desenvolvemento e outra deberá ser ocupada por unha persoa especializada en axuda humanitaria e de emerxencia. En todo caso, velarase por que as persoas expertas cumpran co principio de paridade entre homes e mulleres.

5. A persoa que desempeñe a presidencia poderá invitar a asistir ás reunións, con voz pero sen voto, representantes dos ministerios e aquelas persoas expertas que se considere conveniente en función dos asuntos que se vaian tratar.

6. Exercerá a secretaría do Consello, con voz pero sen voto, a persoa titular da Dirección Xeral de Planificación e Avaliación de Políticas para o Desenvolvemento, que será substituída en casos de vacante, ausencia ou enfermidade pola persoa titular da Subdirección Xeral de Planificación, Políticas para o Desenvolvemento e Eficacia da Axuda.

7. O réxime de suplencias das persoas que sexan membros do Consello será o xeral previsto no artigo 24.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coas especialidades seguintes:

a) Respecto ás persoas representantes da Administración xeral do Estado, poderán ser suplidas por quen designe a persoa titular, cunha antelación mínima de

48 horas á realización da sesión, de entre as persoas do órgano cuxo titular vaia ser suplido.

b) Respecto ao resto de persoas que desempeñen vogalías, coa excepción dos expertos ou expertas, poderán ser suplidas por aqueles que designen as súas respectivas organizacións, comunicando esta circunstancia á Secretaría do Consello cunha antelación mínima de 48 horas á realización da sesión.

c) Os expertos ou expertas non poderán ser suplidos en ningún caso.»

Dous. O artigo 4 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 4. *Réxime do mandato e cesamento das persoas que desempeñen vogalías.*

1. As persoas que desempeñen vogalías comezarán o seu mandato:

a) No caso das persoas representantes da Administración xeral do Estado, a partir do seu nomeamento para o cargo correspondente.

A condición de vogais destas quedará supeditada á permanencia no cargo por virtude do cal son vogais do Consello.

b) No caso das vogalías a que se refiren as letras b), c) e d) do artigo 3.4, que serán nomeados pola persoa titular do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a partir da data do seu nomeamento.

Todas as persoas que desempeñen as vogalías a que se refiren as letras b), c) e d) do artigo 3.4 continuarán o seu mandato ata que sexan substituídas por outras novas ou incorran nalgunha causa de cesamento. Ademais, o mandato das persoas que exerzan as vogalías da letra d) do artigo 3.4 expirará tras o transcurso de catro anos desde o seu nomeamento.

2. O cesamento das persoas que desempeñen as vogalías do Consello referidas na letras b), c) e d) do artigo 3.4 terá lugar por algunha das seguintes causas:

a) Por renuncia aceptada pola persoa que desempeñe a presidencia do Consello.

b) Por ter sido condenada por delito doloso.

As persoas que sexan membros do Consello mencionadas nas letras b) e c) do artigo 3.4 poderán ser substituídas, así mesmo, por petición do grupo que representan.

3. Para o mellor cumprimento das súas funcións, o Consello de Cooperación ao Desenvolvemento poderá establecer as incompatibilidades que considere necesarias sobre os contratos de prestación de servizos das persoas que desempeñen vogalías coa Administración xeral do Estado.»

Tres. O artigo 5 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 5. *Funcionamento.*

1. O Consello reunirse en sesión ordinaria polo menos tres veces ao ano, e en sesión extraordinaria, por iniciativa da persoa que exerza a presidencia ou cando o solicite a maioría absoluta dos seus membros.

2. A convocatoria das sesións do Consello poderase realizar por correo ou outro medio que permita ter constancia da súa recepción.

3. O Consello poderá constituír, con carácter permanente ou para cuestións específicas, comisións de traballo. Na súa composición deberase respectar a proporcionalidade e a presenza dos distintos grupos de membros. As comisións estarán presididas por unha persoa que sexa membro do Consello designada pola persoa que desempeñe a presidencia do Consello.

4. O Consello rexerá polo seu propio regulamento interno, que respectará o disposto neste real decreto, así como polo disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Disposición transitoria única. *Continuidade dos membros.*

1. Cando entre en vigor este real decreto cesarán como membros do Consello as persoas que desempeñaban vogalías en representación dos distintos ministerios e que non sexan membros do Consello de acordo coa nova redacción dada ao artigo 3 do Real decreto 2217/2004, do 26 de novembro, por este real decreto. Así mesmo, cesará como secretario a persoa titular da Subdirección Xeral de Planificación, Políticas para o Desenvolvemento e Eficacia da Axuda.

2. O resto dos vogais continuarán desempeñando tal condición sen que se deba proceder de novo á súa designación.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de maio de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Asuntos Exteriores
e de Cooperación,
TRINIDAD JIMÉNEZ GARCÍA-HERRERA